



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE XUÑO DO 2020.-

ASISTEN:

Sr. Alcalde:

Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Sres. Concelleiros:

Dna M^a Victoria Montenegro Paz.

Dna Olimpia Marcos García.

D. José Juan Vilar Rico.

Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro.

Dna. Lucía Blanco García.

D. Luis Cendán Fernández.

D. Emilio Mesías Farías.

Dna. Cristina Cadena Freire

ASISTENCIA TELEMÁTICA

Dna. Noelia Montero Candal

D. Marcos Carballo Sarmiento.

D. José Manuel Cendán Fernández

Dna. Josefina Martínez Martínez

Sr. Secretario

D. Manuel Larrosa Rodriguez

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dezaoto minutos do día quince de maio do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia presencial e telemática dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario D. Manuel Larrosa Rodriguez.

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm.1.- Ratificación continuación aplicación art. 46.3 da lei 7/1985 de 2 de abril: "celebración sesión por medios electrónicos e telemáticos"

Dáse conta do art. 46.3 da lei 7/1985 de 2 de abril "celebración sesión por medios electrónicos e telemáticos" que a continuación se transcribe;

Disposición Final Segunda del RDL 11/2020, de 31 de marzo. Contenido del apartado 3º del artículo 46 de la Ley 7/ 1985, BRL. La Disposición final segunda del Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19, ha modificado la LBRL añadiendo un nuevo apartado 3 al artículo 46, con la siguiente redacción:

"3. En todo caso, cuando concurren situaciones excepcionales de fuerza mayor, de grave riesgo colectivo, o catástrofes públicas que impidan o dificulten de manera desproporcionada el normal funcionamiento del régimen presencial de las sesiones de los órganos





colegiados de las Entidades Locales, estos podrán, apreciada la concurrencia de la situación descrita por el Alcalde o Presidente o quien válidamente les sustituya al efecto de la convocatoria de acuerdo con la normativa vigente, constituirse, celebrar sesiones y adoptar acuerdos a distancia por medios electrónicos y telemáticos, siempre que sus miembros participantes se encuentren en territorio español y quede acreditada su identidad. A los efectos anteriores, se consideran medios electrónicos válidos las audioconferencias, videoconferencias, u otros sistemas tecnológicos o audiovisuales que garanticen adecuadamente la seguridad tecnológica, la efectiva participación política de sus miembros, la validez del debate y votación de los acuerdos que se adopten".

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a proposta é prorrogar a asistencia telemática ata setembro, como ben falamos na xunta de voceiros.

O Sr. Alcalde pregunta si alguén quere intervir, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Fariás dicindo que xa que imos a facelo ata setembro, é unha decisión bastante prudente e paréceme moi ben igual o que poderíamos facer sería reorganizar o sistema para que sexa todo máis cómodo, máis visual, non sei si poñer unha pantalla alí e outra aquí.

O Sr. Alcalde pregúntalle ao técnico si se poderían usar todas as pantallas.

Responde o Técnico que si, que se poderían usar todas.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que poderíamos usar todas, así polo menos uns miran para unha e outros para outras.

Continúa o Sr. Mesías Fariás dicindo que en cuestión de audio que a veces teñen problemas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que deberíamos usar cisco webex que é máis profesional, tiña está tamén moi ben pero mellor cisco webex.

Continúa o Sr. Mesías Fariás sinalando que ao mellor a través da axencia de modernización tecnolóxica poderíase consultar a circunstancia e solicitar unha subvención para facer ese cambio e adecuar as novas tecnoloxías, entón ben, ese era o noso apuntamento e imos a votar a favor.

Remata o Sr. Mesías Fariás dando as grazas.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha outra intervención, non hai.

Sometida a votación a "Ratificación continuación aplicación art. 46.3 da lei 2/1985, de 2 de abril: "celebración sesión por medios electrónicos e telemáticos" o Concello Pleno por unanimidade 13 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2BNG, 3PP) acorda prestar a súa aprobación.





Punto num. 2.- Aprobación acta da sesión ordinaria do 25-05-2020

Sometida a votación a aprobación da acta correspondente a sesión do día 25-05-2020 o concello pleno por, 11 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP) e 2 abstencións (2BNG) acorda prestar a súa aprobación

Punto núm.3.- Resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia de 2 de xuño de 2020 en relación a escrito presentado polo Grupo Municipal Partido Popular de Ares (Recurso 96/2019, Resolución -outras-nº 10/2020), acordos que procedan.

Dáse conta a da “Resolución do Tribunal Administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia” de data 2 de xuño de 2020 do seguinte teor literal;

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 2 de xuño de 2020.

VISTO o escrito presentado polo Grupo Municipal Partido Popular de Ares, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia {TACGal, en adiante), por unanimidade adoptou a seguinte resolución no día da data:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. En data 20.05.2020 o Grupo Municipal Partido Popular de Ares presenta escrito onde no referido á contratación, polo Concello de Ares, da xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferro! (conducións e bombeos), Ares, Fene e Mugardos, alude a un incumprimento por tal Concello da Resolución TACGal 64/2019 derivada do recurso 56/2019.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Único.- Non cabe a admisión a trámite neste TACGal do escrito presentado pois non concorre no presentador de tal escrito a condición de recorrente do recurso 56/2019 nin de partícipe no trámite do artigo 56.3 LCSP aos efectos da tramitación dun incidente de execución (artigo 36.3 Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro), sen prexuízo entón da súa remisión ao Concello aos efectos que considere corresponda.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**





Non admitir a trámite no TACGal do escrito presentado polo Grupo Municipal Partido Popular de Ares, con remisión ao Concello aos efectos que considere corresponda.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O PRESIDENTE, Santiago Valencia Vila. A VOGAL-SECRETARIA, Ana María de Frutos Martínez. O VOGAL. Tomás Otero Ferreiro.

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm.4. Resolución contratación acordo marco para a administración de electricidade en alta e baixa tensión (Central de contratación da Federación Española de Municipios e Provincias -FEMP-

Dáse conta do informe de secretaría “Adhesión á central de contratación da Federación Española de Municipios e Provincias-FEMP” de data 04 de febreiro de 2020, do seguinte teor literal;

INFORME DE SECRETARÍA

ASUNTO: ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS -FEMP-

ANTECEDENTES

A Central de Contratación da Federación Española de Municipios y Provincias ordénase como un servizo especializado creado por acordo da Xunta de Goberno da FEMP, do 28 de xaneiro de 2014, ao amparo do previsto no último parágrafo do apartado 3 da Disposición Adicional quinta da Lei de Bases do Réxime Local (LRBRL), conforme a redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

Desta forma, asimílese á FEMP ao resto de Entidades do Sector Público que, de conformidade co disposto na Lei de Contratos do Sector Público, poden actuar como centrais de contratación adquirindo subministracións e servizos para outros órganos de contratación, ou adjudicando contratos, ou celebrando Acordes Marco para a realización de obras, subministracións ou servizos destinados aos mesmos.

A Central de Contratación da FEMP é un instrumento útil para as Entidades Locais e o seu obxectivo principal é facilitar a estas a contratación de obras, servizos e subministracións e permitir o aforro de custos, a minoración de tempos de adquisición e a simplificación da súa tramitación. O sistema é flexíble e permite as incorporacións ao mesmo n calquera momento,





uniformando e simplificando os procedementos.

Con esta Central de Contratación preténdese conseguir unha maior eficacia na actividade contractual, tanto desde o punto da simplificación da tramitación administrativa na contratación de obras, servizos e subministracións, como desde o punto de vista económico, xa que poderán obterse unhas condicións económicas máis vantaxosas.

A contratación de obras, subministracións ou servizos centralizados poderá efectuarse pola Central de Contratación da FEMP mediante a conclusión dos correspondentes contratos, acordos marco ou calquera modalidade que permita cumprir os fins da Central, que se adjudicarán conforme as normas procedimental s contidas no capítulo I do Título 1 do Libro Segundo da LCSP, así como a través dos procedementos previstos no capítulo 11 do citado Libro, para a racionalización da contratación das Administracións Públicas.

Serán destinatarios destes contratos, acordos marco e outras modalidades de contratación, todas as Entidades Locais asociadas á FEMP e entes dependentes, durante a vixencia dos mesmos. No entanto, como condición previa para poder subscribir os contratos baseados nun acordo marco, será precisa a adhesión expresa á Central de Contratación.

Os Entes Locais adheridos á Central de Contratación da FEMP non poderán contratar a mesma prestación a través de varias centrais de compras.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 -LCSP 2017-, regula nos seus arts. 227 e ss o réxime xurídico das Centrais de Contratación, de forma que o art.

sinala que as entidades do sector público poderán centralizar a contratación de obras, servizos e subministracións, atribuíndoa a servizos especializados, de forma que ditas centrais, segundo prevé o apartado 2º do este artigo, actuarán adquirindo subministracións e servizos para outros entes do sector público, ou adjudicando contratos ou celebrando acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición para a realización de obras, subministracións ou servizos destinados aos mesmos.

Pola súa banda, o art. 228.2 LCSP 2017 prevé que:

"Sen prexuízo do disposto no apartado 10 da Disposición adicional terceira, no ámbito da Administración Local, as Corporacións Locais poderán crear centrais de contratación por acordo do Pleno. As Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla tamén poderán crear as súas propias centrais de contratación."

Mentres que o apartado 3º deste art. 228 da LCSP dispón que:

"Mediante os correspondentes acordos, as Comunidades Autónomas, as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla e as Entidades locais así como os organismos e entidades dependentes dos anteriores, poderán adherirse a sistemas de adquisición centralizada doutras entidades do sector público incluídas no ámbito de aplicación desta Lei. A adhesión ao sistema estatal de contratación centralizada, efectuarase de acordo con o disposto nos apartados 2, 3 e 4 do artigo 229 da presente Lei. En ningún caso unha mesma Administración, ente ou organismo poderá contratar a provisión da mesma prestación a través de varias centrais de contratación."





Como pode observarse, o art. 228.2 LCSP 2017 esixe acordo do Pleno da Corporación Local para a creación dunha Central de Contratación, pero o apartado 3º deste art. 228 nada indica sobre que órgano debe adoptar o acordo de adhesión a unha Central de Contratación doutro ente.

Así mesmo, a Disp. Adic. 3ª LCSP 2017 sinala no seu apartado 10º que:

"As Entidades Locais, sen prexuízo da posibilidade de adherirse ao sistema estatal de contratación centralizada e ás centrais de contratación das Comunidades Autónomas e doutras Entidades Locais, tal e como prevé o apartado 3 do artigo 228, poderán adherirse tamén ás centrais de contratación que creen conforme esta Lei as asociacións de entidades locais a que retirese a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, así como ás creadas pola Administración Xeral do Estado."

Nada determina a Disp. Adic. 2ª LCSP 2017 sobre atribución de órgano algún na materia, polo que, aínda que podería defenderse a posible atribución da Alcaldía en base á cláusula residual á que se retire o art. 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, o funcionario que subscribe entende procedente que sexa o Pleno da Corporación o órgano encargado de adoptar o acordo de adhesión para participar na Central de Compras, tendo en conta que nos atopamos ante a participación dunha organización de carácter supramunicipal (art. 22.2.b) LRBRL).

Respecto da posible duración da adhesión, esta deberá estar prevista na norma ou acordo que prevexa a creación da propia Central de Contratación, extrapolando as previsións do art. 229.4 LCSP 2017, referida ao ámbito do Estado Agora ben, é léxico pensar que, por aplicación das determinacións dos arts. 47 e ss da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público -LRJSP-, e, en particular, do previsto no art. 49.h).1º LRJSP, si a adhesión artículase en base a un convenio, a duración do convenio será dun máximo de catro anos.

En relación ao procedemento de formalización dos contratos adjudicados en base aos procedementos realizados no seo da Central de Contratación, tendo en conta que a Central ha realizado unha preselección de licitadores, o Concello deberá seleccionar entre os candidatos escollidos na licitación previa ao adjudicatario do contrato a formalizar en base ao este sistema de contratación, xustificando cal será o contratista en base a cal é a mellor oferta; isto é, deberá obrar informe de valoración das ofertas que permita ao órgano de contratación municipal determinar que oferta é a mellor para a Administración municipal e así adjudicar e formalizar o citado contrato.

Doutra banda, partindo do tenor previsto no art. 116.1 LCSP 2017, que prevé que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP 2017, e que deberá ser publicado no Perfil de contratante, entendo que será necesario que, nos contratos a tramitar ao amparo do sistema de contratación adherido á Central de Compras da FEMP, tramítese a pertinente memoria á que alude o citado art. 116 LCSP 2017, en aras de xustificar o motivo polo cal se optou pola contratación mediante a Central de Contratación.

Na súa virtude, conclúese informando favorablemente a proposta da Alcaldía de adhesión á central de Compras da FEMP :





1º. A adhesión a unha Central de Contratación rexerase polos termos da norma ou acordo que determine a creación do referido sistema de contratación.

2ª. Corresponde ao Pleno da Corporación adoptar o acordo de adhesión para participar na Central de Compras, tendo en conta que nos atopamos ante a participación dunha organización de carácter supramunicipal {art. 22.2.b) LRBRL}.

3ª. Respecto da posible duración da adhesión, esta deberá estar prevista na norma ou acordo que prevexa a creación da propia Central de Contratación, extrapolando as previsións do art. 229.4 LCSP 2017, referida ao ámbito do Estado, sen prexuízo da duración que prevé o art. 49 LRJSP para os posibles convenios de colaboración (un máximo de catro anos).

4ª. Unha vez adherido ao sistema de contratación, o Concello deberá seleccionar, entre os candidatos escollidos na licitación previa, ao adxudicatario do contrato a formalizar en base ao este sistema de contratación, xustificando cal será o contratista en base a cal é a mellor oferta; isto é, deberá obrar informe de valoración das ofertas que permita ao órgano de contratación municipal determinar que oferta é a mellor para a Administración municipal e así adxudicar e formalizar o citado contrato.

5ª. Dos contratos en vigor a priori interesa a adhesión polas condicións económicas máis vantaxosas:

- **Acordo marco para o suministro de gas natural.**
- **Acordo marco para o suministro de electricidade en alta e baixa tensión.**

Ares, a 4 de febreiro de 2020

O Secretario

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que temos un novo subministrador e en consecuencia una perspectiva de aforro importante de enerxía eléctrica.

O Sr. Alcalde pregunta si este punto é dar conta.

Responde o Sr. Secretario dicindo que non, é a adxudicación a favor de IBERDROLA.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Secretario que é o que hai que facer neste punto.

Responde o Sr. Secretario dicindo que adxudicar a IBERDROLA os contratos superiores a 10KW.

Continúa o Sr. Alcalde sinalando que sería a aprobación de esa resolución para a súa contratación.

Intervén o Sr. Secretario sinalando que segundo o informe do técnico a oferta mais barata é IBERDROLA cun aforro de 72666,16€ a seguinte NATURGY 58059.66€ e a última ENDESA 24233,80€, a máis barata IBERDROLA.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntan que é exactamente.





Responde o Sr. Secretario sinalando que adxudicar a IBERDROLA os consumos a 10KW.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que trataría de votar esa adxudicación.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e sinalando que consideramos que unha rebaixa moi importante, pero faltaríanos por contrastar algúns datos técnicos pero ademais a nosa organización avoga por una tarifa eléctrica galega por un cambio de todo o sistema de enerxía, Galiza é produtora e exportadora de enerxía e creemos que a todo isto hai que darlle unha volta, entre esa volta iría tamén este tipo de convenios polo tanto nós, non nos vamos a negar a esta rebaixa porque é o prezo final estimado pero tendo en conta todas estas casuísticas que desenvolveremos máis adiante o 12 de xullo podemos dar una volta, o nos voto vai ser abstención.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que a súa votación vai ser favorable, creemos que o gasto máis importante do concello é o sistema eléctrico e creo que todos os pasos que se vaian dando no consumo de enerxía e abaratalo creo que é una boa proposta e imos seguir avanzando e seguir recortando este gasto porque é fundamental para os concellos pequenos e demasiado gasto eléctrico, a maioría das resolucións que veñen a pleno son de gasto eléctrico, nos imos a votar a favor, é un paso importante e todo o que vaia vendo xa o iremos vendo e todo o que sexa mellorar nos estamos a favor.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que unha vez explicado o voto sometemos o punto a votación.

Sometida a votación a **“Resolución contratación acordo marco para a sumministración de elctricidade en alta e baixa tención (Central de contratación da Federación Española de Municipios e Provincias -FEMP-“**o concello Pleno por 11 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL, 3PP) e 2 abstencións (2BNG) acorda prestar a súa aprobación

Punto núm.5. Dar conta das resolución adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da “última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm.6. Mocións-Propostas

Non hai

O Sr. Alcalde pregunta si ha algunha moción pola vía de urxencia, non hai.

Intervén o Sr. Secretario sinalando que hai unha proposta.





Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que antes de entrar en rogos e preguntas habería que incluír na orde do día a “Taxa polos servizos de inmovilización, depósito e custodia de vehículos” que foi a comisión de seguridade e que o Sr. Secretario esquecéuselle meter no orde do día.

Responde o Sr. Secretario sinalando que non se esqueceu e que non a deron.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que habería que incluíla, foi a comisión xa se informou, xa tivo dictamen, pero non se incorporou a este pleno, entón primeiro habería que votar a favor da incorporación, antes de debater este punto hai que votar si a incorporamos ou non na orde do día.

Sometida a votación a Incorporación do punto “**Taxa polos servizos de inmovilización, depósito e custodia de vehículos**” na orde do día o pleno do concello por unanimidade 13 votos a favor (7 PP, 1 NAL, 3 PP e 2 BNG), acordar prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións para fixar posición sobre este punto, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas, e sinalando que lles gustaría ter máis tempo para mirar concretamente todos e cada un dos puntos, supoño que será unha xenérica traída doutros concellos, pero hai algunhas cosas que nos gustaría mirar como supoño que corre presa para a súa aprobación, xa imos a desistir de pedir un tempo para léela, entón non nos imos a negar a ela.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que xa foi a comisión e non hai ningún erro, non vemos ningún inconvinte, imos a propoñer que por parte da Alcaldía se nos diga cal é o dictamen da comisión e a votación na comisión porque eu a esa comisión non asistín e non sei o dictamen.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que o PSdeG-PSOE e NAL votaron a favor e tanto o PP como o BNG se reservaron para o pleno, iso é o que eu recordo que teño, Fina foi a que asistiu e eu creo que dixo que se reservaba para o pleno.

Intervén a Sra. Martínez Martínez pregunta si isto ía dentro das terrazas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, isto ía dentro de limitar os aforos doa aparcadoiros.

Intervén novamente a Sr. Martínez Martínez sinalando que recorda o das grúas pero non a taxa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que ía a taxa que o comentou Jaime e creo recordar que o PP e o BNG reserváronse para o pleno.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que valse a abster porque os colle co pé cambiado.





Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que isto é para os coches que irían nas horas puntas e co código QR, temos que ter unha taxa para actuar de 11:00h a 13:00h e de 17:00h a 19:00h, non para todas as praias só para aquelas onde hai aparcadoiros onde se necesite un código QR en atención a que infrinxa esa regulación nesas horas punta, fóra de esas horas punta só tería sentido si hai coches aparcados diante de vaos ou en esquinas que dificultan o xiro, entón claro é sacalos porque senón a xente non entran nos garaxes e non xiran, ata ágora non tiñamos ningún depósito e ágora se lles chama, enganchase e os retiran un pouco é para ter elementos de acción fronte a eses incumprimentos agora, o máis importante e nesas horas.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que non estaba moi seguro si foi a comisión, a xunta de voceiros o tema dos códigos QR o que si que temos claro e que o documento non o temos aínda.

Responde o Sr. Vilar Rico sinalando que foi a comisión, os reservachedes para o pleno e olvidaronse de pasarllo ao Sr. Secretario e eu entereime o venres.

Continúa o Sr. Mesías Farías sinalando que entende que isto tense que facer o do tema dos código QR, pero non sabemos si isto vai a ser unha cuestión do día a día entón calquera veciño que chame porque hai un vao xa se pode aplicar isto, parécenos ben, pero gustaríamos ter máis tempo para miralo en concreto e reafirmámonos no que dixemos antes non vimos votar en contra, ímonos a abster por esa circunstancia e esta ben que todo se vaia regulando para que non haxa problemas.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde somete o punto a votación.

Sometida a votación a **"Taxa polos servizos de inmovilización, depósito e custodia de vehículos"** o concello Pleno por 8 votos a favor (7 PSdG-PSOE, 1 NAL) 3 en contra (3PP) e 2 abstencións (2BNG) acorda prestar a súa aprobación

Punto núm.7. Rogos e Preguntas

Intervén o Sr. Mesías Farías preguntando polos contenedores soterrados en Chanteiro si funcionan ou non funcionan, e cal é a previsión si se van a arranxar, e cal é a previsión de esa medida que se tomaron noutros concellos, que era soterrar os contenedores e logo houbo unha parada tamén e non se levou a cabo, esa é a nosa primeira pregunta.

Facemos unha petición tamén para que se desbrocen todas as parroquias e nomeadamente a parroquia de Cervás tamén, que se faga un desbroce de camiños que hai camiños que están practicamente pechados como é o de Leiro a Pedrachá, e outros camiños de Cervás. Tamén pedimos que o concello solicite a deputación porque creo que é competencia da deputación, o desbroce que vai de Cervás ao Baño, está practicamente pechado e hai problemas cando se cruzan dous coches.

Preguntamos pola resolución 196/20 en concreto a que fai alusión a que se persoe Dna. M^a Dolores Castro Fraga e fala de notificar o recurso contencioso-administrativo 4057/2020 queríamos saber a que se refire iso.





Outra resolución é a 203/2020 que queríamos saber a que se refire, que ten que ver cunha denegación do Xulgado do Contencioso Administrativo sobre un recurso de GAMUNDI Y FERNÁNDEZ tamén queríamos saber de que vai esa resolución.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a primeira pregunta é con respecto ao aparcadoiro que se está facendo na parcela de Plácido, nós como non podía ser doutra maneira estamos de acordo porque xa no plan xeral fixemos unha alegación e lamentablemente non a tivestes en conta, nós dixemos que o aparcadoiro ten que ser na entrada para non colapsar o casco antigo de Ares, eu creo que cando se poña en funcionamento verase a realidade e a razón da nosa proposta no plan xeral e creo que iso había que recollelo e verase a viabilidade de ese aparcadoiro habería que darlle unha volta ao plan xeral de como está recentemente aprobado para deixar recollido un aparcadoiro nesa zoa eu non digo que teña que ser nesa parcela pero creo que é fundamental para o desenrolo do tráfico en Ares, hai que meditalo e que algunha cousa pódese arranxar agora e vadeo a ver agora nestes meses como vai a ser factible e fiable, esa situación que vaise a dar e como é o futuro do tráfico de Ares, eu creo que hai que miralo e ver que nós tiñamos razón do porque facíamos fincapé nese aparcadoiro, nunca é tarde se a dita e boa, ímonos a dar conta de que isto é unha solución importante para Ares.

A segunda pregunta é con respecto ao Parque Rosalía cando vaise a poñer en funcionamento.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández facendo referencia a resolución 196/20, 148/20, 159/20, 160/20 e 161/20 que é a mesma, a mesma propiedade, que se pensa facer con iso porque iso leva unha cantidade de anos aí parado, cal é a dispoñibilidade do concello e que vai facer nesa situación.

En canto o Covid-19 queremos facer un rogo, que se publique un bando explicándolle a cidadanía que non hai ningún contaxio e que iso é un bulo, falan de seis contaxios e iso é mentira e creo que está repercutido na hostalería e no comercio local, por parte da Alcaldía debería de facer un bando explicando que iso é un bulo e que non é verdade e ao mesmo tempo podes rogar o tema das mascarelas e algunha cousa mais, que se volva a reiterar a cidadanía que se sigan mantendo as medidas e nada máis, eu creo que por parte do Alcalde non só ten que poñerse no Facebook, que polo ben de todos había que poñelo nun bando municipal.

Responde o Sr Alcalde a pregunta sobre os contenedores soterrados, Ares ten rúas estreitas e a acumulación de moitos contenedores dificulta o tráfico e aínda encima isto é un problema de onde hai moitos contenedores é moi complicado porque estreitan moito mais as rúas, fixemos unha aposta no mpmento en que nos pareceu a medida mais acertada que é proceder a soterralos, non é o mesmo que os nenos xoguen no palco con contenedores e bolsas de lixo que agora que están soterrados e non se ve nada ou en fronte da tenda de Valentín, na saída do concello ou en Asturgal que é estreito, perdón en Asturgal non, na subida de Ramón Pimentel na Avda. de Mugar dos en fin, por estas razóns apostamos por soterralos son mecánicos e como todo o mecánico xera avaría temos un contrato de mantemento e vanse mantendo, loxicamente sempre pode haber un fallo pero e que temos moitos xa son una boa aposta e no seu momento había una liña de subvencións e nos só achegábase o 20%, noutros





sitios por mais que queiramos non podemos poñelos a hora de valorar o soterramentos dos contenedores había que mirar o sitio porque debaixo pasan conducións de auga e o sitio alternativo non é conveniente, en Cortiñas Gil tamén se deberían de soterrar pero ou os cambios de sitio, ou non se pode, ten que ser nun ámbito onde non haxa conducións seguiremos con este tema, temos un contrato de mantemento e a verdade e que resolveunos moitos problemas.

Os desbroces que están mal son os que hai que facer a pé, e para facelos necesitamos persoal, os desbroces por onde pode pasar a máquina van ben, en Cervás e en Chanteiro hai rúas moi estreitas e iso hai que facelo manualmente non co tractor, falta o persoal de praias e con ese persoal xa se van a executar.

Sendo as 11:46h ausentase a Sra. Blanco Gacia.

A verdade e que non nos podemos queixar do persoal porque aparte de levar as cousas ao día estaban coas desinfección e as limpezas, e ben efectivamente os desbroces non se puideron realizar e en consecuencia vanse facer agora. En canto a estrada de Cervás ao Baño o vixiante da deputación está aquí día si e día non e di que esta adxudicada e a empresa ten un prazo de execución.

En canto a resolución 196/20 é un recurso contencioso-administrativo a orden que aproba o plan de urbanismo entón ben, todos os plans de urbanismo teñen que pasar unha proba de fogo e xa apareceu quen impugne, iremos aos tribunais e loxicamente damos traslado a asesoría xurídica do concello para que se persoe para defender xunto coa Xunta de Galicia esa aprobación definitiva, si alguén considera que o aprobado non está conforme a lei para iso está a tutela xudicial efectiva e os xuíces para pronunciarse e unha tónica en Galiza, plan de urbanismo aprobado a posibilidade de que se impugne e aquí impugnase non o plan senón a orden da xunta e nos dan traslado porque nos afecta, pero o que impugna é a aprobación definitiva pola Xunta de Galicia aquí non presentaron nada por iso presentouse a avogada para poder acceder ao expediente.

Sendo as 11:48h incorporase ao pleno a Sra. Blanco García.

En canto a Resolución 203/20 sobre a denegación dunha licenza non teño nin idea, é un recurso de GAMUNDI Y FERNANDEZ non esta desestimado está en fase de desestimación por parte de costas, a licenza está en trámite de información. A licenza a pide para o parcela de aí ao lado que está na fachada marítima e remitimos isto a costas, iso ten un información negativa de patrimonio iso fol atrasando e esta na fachada marítima e o enviamos a costas parece que non está de acordo e vai ao contencioso e está no seu dereito.

O aparcadoiro de Plácido é moi bonito poñer aparcadoiros pero en que parcelas.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que onde veña mellor.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que despois o visitas ti no concello poñendonos a parir.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que así se fixo co de Redes.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non, o de Redes foise mercado, o concello mercaba e logo o fixo, que é o que imos a facer na entrada do pobo o imos poñer onde nos vendan o terreo.





Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que no plan xeral do 1999 meteuse o aparcadoiro e podíamos expropialo por catro duros o que pasa e que o pagamos ben os terreos, estaban aí para facer o aparcadoiro e os pagamos ben que estabamos ben e os veciños contentos, eu non digo que vaías a expropiar hai que pagarlle ben aos propietarios.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que optamos por non expropiar e por non facelos constar nun plano porque chegamos a conclusión de que o faríamos onde nos venderan entón, en vez de cárgalle todo a un e aínda encima temos que expropiar non pintar nada e facelo onde nos vendan, entón onde nos vendan o faremos, mercamos sen enfadar a ninguén.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que de aí a resolución 159/20 160/20 e 161/20 son parcelas que non son urbanizables e aínda encima na parte de abaixo está o humedal da Xunqueira quero dicir, que si nos aí abrimos unha negociación de compra van a vender porque iso non o merca ninguén e a normativa aínda que este no humedal permite facer aparcadoiro porque esa vai a ser a solución de Ares.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o sitio mais axeitado é aquel onde te vendan sen complicarlle á vida a ninguén e imos a optar por iso, como ben dis hai un casa que ten preitos

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que os terreos son da casa hacia ala.

Continúa o Sr. Alcalde manifestando que imos a mercar onde non haxa ningún problema, mellor e poñelo onde se poida.

En canto o Parque Rosalía de Castro é un parque como os demais pero coa peculiaridade de que nese parque van mais nenos que nos demais, e tócanse todas as pezas os adultos son conscientes da realidade pero os nenos tocan todo levan as mans a boca e a verdade e que non o vemos adecuada e non o imos a abrir entón, cando Feijoo abra os centros de día e as gardería abrimos nos o parque infantil.

A resolución 196/20 xa di que é a orden de impugnación da aprobación do plan.

A resolución 148/20 é una resolución onde se lle notifica a un traballador que explique porque determinados días non veu a traballar ou veu a traballar nunca xornada diferente, e en consecuencia iso é a toro pasado e logo constatas cando se cambia a xornada que sigue traballando polas tardes cando hai unha comunicación de que xa se traballa polas mañás, pois esta situación arranxase dicíndolle por favor ten vostede que pedir días propios ou una baixa pero ten que arranxar esta situación administrativa, é una notificación para cualificar esas ausencias, xa o sabemos, pero a notificación se lle enviou e parécenos correcto hoxe en día facelo por escrito porque mañá denúncianche por acoso, ou chamas a calquera e me chamou o Alcalde é acoso. Todos escapamos de estes conflitos cando tes una situación un pouco complexa, quen se atreve hoxe a chamar con esta situación, e non estou falando de que este traballador o fixera pero é a tónica, non podes falar con uns e notificarlle a outros, cos que tes confianza os chamas e cos que non que fas lles envías un escrito, pois non, lles envías un escrito a todos, porque efectivamente hai moita mala leite e moito desagradecido e esta é a realidade que complican as relación persoais en algunhas situacións entón, é mellor escribir e xa está non pasa nada, así con todos, e nese sentido eles cobran e teñen que ir a traballar e senón veñen teñen que pedir un día propio ou pedir una baixa pero non facer o que lles da a gana e non é este traballador en concreto.





Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández eu pediría que o tema dos asuntos propios foran a comisión de persoal porque estas cousas xa podían estar solucionadas.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que aínda que o faga algún traballador que lle quere sacar punta, porque aquí hai algún traballador que ve a palla en ollo alleo, e metese onde non ten que meterse, pois ante esa situación que son os menos o mellor é levar as relación a un ámbito formal é dicir, non somos papas de ninguén, non vamos a chamar a ninguén entón, hai un cauce formal, agora ben, se os días propios foran a comisión non se tomarían estas liberdades, é certo que isto agora é a toro pasado pero é a realidade, alguén che di que fai traballo telemático e non colle o teléfono, que fas, ou alguén lle dis que ten que vir pola mañá e non ven e que fas, entón o mellor é un cauce formal mire por favor explícasme isto, e non ten que andar o Xefe de persoal nin a concelleira de emprego facendo chamadas que poden ser incómodas porque ao mellor a alguén lle parece mal que lle preguntamos que fai, entón xa digo que son os menos pero efectivamente a percepción sobre algunha realidade nos leva a dicir mira a todos igual e por escrito, eu sei que a este traballador efectivamente o coñezo e podía chamalo para que, para que despois os demais dixeran que como é amigo meu eu a el o chamo, entón ben, para sacarme tamén de comentarios moi malignos resolvemos notificar por escrito todo e non mandar a ningún concelleiro a falar con ninguén porque efectivamente dende que se aprobou a RPT como decía Napoleón “cada vez que proveo o cargo dun xeneral, xero un desagradecido e noventa e nove descontentos”.

As resolucións 159/20, 160/20 e 161/20 é a casa da entrada que ten a situación de comunidade moi complexa onde hai diferentes titulares a forma tiña que ser unha propiedade horizontal división das casas por pisos, esa fórmula chegou a existencia de zoas comúns que tiñan que ser mantidos por cotas de participación, entre eses elementos comúns están os elementos exteriores a fachada e non se poñen de acordo entón efectivamente hai unha situación complexa para rematar a obra, é dicir para darlle ese acabado ao exterior non, aí hai un lío tremendo e o peor de todo é que hai unha sentenza e esa sentenza é firme e lle obriga ao concello a que esa obra culmine e en consecuencia senón están de acordo que se poñan entón, como nos vincula esa sentenza e nos obriga a intimar as partes a cumprila e non a cumpren, metemos multas coercitivas, ten que facer isto non o fai, multa coercitiva, segue sen facelo, multa coercitiva con que ao final a intelixencia humana e tan manifesta nestas situacións que van a pagar máis de multas que o que van a pagar por facer a obra, ou sexa, un sen sentido, pero as pelexas entre algún vale máis e o que se soe dicir morre matando, con tal de enfastiar a outro tamén se enfastia un mesmo, porque as multas coercitivas van para todos os propietarios entón é unha situación de tensión porque creo que son irmáns, eu os tiven aquí no despacho sete ou oito veces e a sensación de estar horas e horas, chegar a unha solución e logo ver que efectivamente non serve e volver a chamalos e non serve, e non serve e non serve, entón claro, a min non me vai a citar o xuíz por desobediencia é dicir, a min non me vai a citar ningún xuíz para que me diga porque non cumpo a sentenza entón, cando o xuíz me cite ensinareille as multas coercitivas que estou metendo para que se cumpra, agora lles chegan as multas e a culpa é miña, pois non a culpa non é miña nin do xuíz, a culpa é deles que non se poñen de acordo para arranxar algo que lles corresponde, é unha situación complexa onde todos teñen que perder, eu teño que perder que se poñan multas porque a ninguén lle gusta que efectivamente eu digo cumpre e nos aforramos o ter que poñer multas e agora son eu o inimigo porque poño multas.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que sempre foron conflictivos, cando foi a obra da rotonda a xunta lles expropiou e lles dou os cartos para facer o peche e para facer as





obras colleron os cartos e despois puxeron pancartas e a xunta para quitalos de en medio lles fixo a obra e ao final ganaron máis porque lles deron os cartos e lles fixeron a obra, pois xa digo é unha situación complicada como a que temos en Cervás ou en Chanteiro temos outra situación cunha obra que efectivamente houbo unha sentenza e o veciño que gaña esixe que se cumpra a sentenza e o xuíz di que garante o cumprimento o concello entón nós, intentamos que se cumpra a sentenza, terá dereito, foron aos tribunais e claro agora o malo son eu o que lle quere tirar a casa son eu, e eu non son, é unha sentenza xudicial e nese sentido veste nunha situación incomodísimo e que fas, pois estamos con multas coercitivas tamén xa leva sete, é moi complicado.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que quere falar sobre o punto 3 do orde do día, quero facer un alegato ao Sr. Secretario porque parécenos lamentable que o Grupo PP non porque nos haxan desestimado o recurso que aínda nos queda a vía administrativa e a vía penal, isto é a primeira parte, pero parécenos lamentable que se traia a pleno cando non se traen as resolucións xudiciais firmes, levamos tres anos que non se traen as resolucións xudiciais ao pleno e meta esta non.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que esta se trae hoxe ao pleno por ti, porque es ti o que reclamas porque senón non a meteríamos de feito a metemos porque o día que informamos dixeches non a coñecías entón preguntou o Sr. Secretario e lle dixen que a metera porque dixeches que non te chegara nada senón non a metíamos.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que, pareceume mal porque hai resolucións xudiciais firmes que nós pedimos por escrito varias resolucións xudiciais por escrito e se meten estas cousas aquí.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que foi metida porque tiñamos medo que nunha comisión dixeras que ocultamos algo, entón dixen eu, por deferencia, si ti non sacas o tema non a metíamos que se supón que isto o tes que ter ti, que che notificaron.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que o enderezo dado foi o do concello pensei que esa resolución era para o noso grupo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, a resolución poñía concello de Ares, e xa digo isto veu aquí porque tiñamos medo de que dixeras que ocultábamos que sabías que viñera e que non informamos e decidimos metela a pleno porque era un grupo municipal nada máis senón, ía a comisión informativa e punto pero como dixeches que non a tiñas preferimos metela no pleno.

Novamente toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que por favor se faga o bando municipal facendo constar que non existen contaxios e recordando as medidas de seguridade.

Responde o Sr Alcalde dicindo que si, vouno a falar agora porque esta semana.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.





Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor



Cod. Validación: 3LPC3S42K2EKED5Y2XJEQSYMM | Corrección: <https://ares.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 16